



**CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE,
E O CONCELLO DE _____
PARA A ELABORACION DO CATALOGO DE ESTRADAS MUNICIPAIS E
DO INVENTARIO DE TRAVESÍAS.**

No Pazo Provincial de Ourense a _____ de _____ de _____.

REUNIDOS

O Sr. D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

O Sr. D. / A Sra. D^a. _____,
Alcalde/sa-Presidente/a _____ do _____ concello _____ de
_____ e representante da
administración titular das vías locais

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ambas partes reconécense mutuamente plena capacidade para a formalización do presente convenio.

SEGUNDO.- O obxecto do convenio e a elaboración do catalogo de estradas e o inventario de travesías de responsabilidade municipal.

TERCEIRO.- Que de conformidade co disposto no artigo 36.1e da *Lei 7/1985 do 2 de abril ,Reguladora das Bases do Réxime Local* e nos artigos 113 ó 115 da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia* é competencia das Deputacións Provinciais con carácter xeral “a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión” .

CUARTO.- Na *Lei 4/1994 de 14 de setembro de estradas de Galicia* na súa sección segunda (artigos 6 ó 8) se definen as competencias do Consello da Xunta, da Consellería competente en materia de estradas e das entidades locais

- Conforme co artigo 6.b da *Lei 4/1994* corresponde o Consello da Xunta de Galicia a aprobación da relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, en defecto do correspondente plan.
- Segundo o artigo 1.b da *Lei 4/1994* corresponde a Consellería competente en materia de estradas a evacuación dos expedientes que deban ser sometidos a aprobación do Consello da Xunta de Galicia de acordo co artigo 6

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obrigacións do concello:

- 1) Nomeamento dun responsable que actúe como interlocutor coa Deputación e coñecedor da rede viaria municipal.
- 2) Subministrar os equipos técnicos da Deputación a cartografía do termo municipal da que se dispoña.
- 3) Aprobación inicial do catálogo de estradas e inventario de travesías, elaborado polos servizos técnicos da Deputación
- 4) Delegación de competencias na Deputación de Ourense para a tramitación do catálogo e inventario na Xunta de Galicia.
- 5) Aprobación definitiva do catálogo de estradas e inventario de travesías, trala tramitación favorable na Xunta de Galicia

SEGUNDA.- Obrigacións da Deputación.

- 1) Elaboración do catálogo de estradas e inventario das travesías, utilizando como base a cartografía aportada polo concello

- 2) Tramitación ante a Xunta de Galicia.
- 3) Entrega da información resultante o Concello

TERCEIRA.- Vixencia do convenio.

O convenio estará vixente ata o remate dos traballos e non mais de 3 anos.

CUARTA.- Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Deputación de Ourense e outro do Concello.

As súas funcións serán entre outras as seguintes:

- 1) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas
- 2) Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio

QUINTA.- Natureza do convenio.

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes a xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE
DA DEPUTACION

O ALCALDE/ A ALCALDESA-
PRESIDENTE/ A DO CONCELLO

D. José Manuel Baltar Blanco

D./ D^a._____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE